




## O VASO OU FLOREIRO



1. Para facermos a xerra o punto de partida é a figura 9 do modelo da copeta. Dobramos a primeira aresta dun lado até a liña central




2. Faise a mesma dobra coas outras, unha vez polo lado dereito, e dúas polo lado esquerdo.




3. Nesta figura dóbrase ao medio pola liña vertical, e pola parte de atrás faise o mesmo.



4. Entón temos estoutra figura. Nela dobramos para dentro a lapela triangular sinalada. Facemos a mesma dobra pola parte de atrás.



5. Repetimos a mesma dobra da figura 3. Tamén pola parte de atrás.



6. A figura toma este xeito. O bico superior do anverso dobrámolo cara a diante pola liña sinalada.



7. Pola liña marcada dóbrase o bico dóbrase para o interior.



8. O triángulo da base dobrámolo adiante a atrás, para que fique ben marcado o vinco.

Co bico traseiro facemos as mesmas dobras das figuras 6 e 7.



9. Abrimos a figura pola parte superior e estendemos os planos triangulares da base.



10. Velaquí o primeiro modelo desta serie, o vaso ou floreiro.